

Síguenos en



<https://www.facebook.com/bibliotecaeducacionUDC/>



@biblioeduca



<https://es.pinterest.com/cineduca>

<https://es.pinterest.com/beduacion>



Recuncho de Lectura. Biblioteca
FACULTADE Ccs. da EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org
nebedaclubelectura.wordpress.com

educacion.bib@udc.es



-13-

abril – xuño 2017

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

Aula Ci2: Plano de formación en Competencias informacionais da Biblioteca

Continuamos coas formacións en competencias informacionais para alumnado de grao, TFG, TFM e doutoramento, así como para PDI e PAS.



Temos un completo **Plano de formación en Competencias Informacionais** no que cada quen pode elixir unha opción segundo as súas necesidades. Podedes consultalo na nosa web ou ben no blogue bibedu.blogaliza.org.

Rematada a III edición do curso *Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación*, que imparte a Biblioteca, coa colaboración do CUFIE. Participaron 16 persoas da nosa facultade (alumnado de doutoramento e PDI). Entre as tres convocatorias teñen participado xa 40 investigadoras/es do centro. Todas e todos teñen xa creado un perfil de investigación en Orcid e nalgunha outra plataforma (Orcid, ResearchId, GoogleID, Scopus...), así como nas redes sociais académicas. Tamén teñen documentos depositados no RUC e coñecen ben as pautas para publicar con impacto. Haberá máis sesións e recomendámosvos a súa realización.

Tamén podedes solicitar **formacións e apoio** para creación dos vosos perfís nas ditas plataformas, procuras en bases de datos ou calquera outro recursos electrónico, xestores bibliográficos, como publicar con impacto, realización de informes das vosas publicacións para avaliación da produción científica...

Formacións para o PAS.

Ofrecemos ademáis formación para o PAS. Podedes contactar con nós e comentarnos as vosas necesidades e organizaremos os cursos que precisades. Pode ser formación en recursos de información que poidan ser de axuda para as funcións dentro da administración, como relacionada con calquera estudo que esteades realizando.

Actualmente estamos a traballar co persoal da UADI, detectando necesidades e presentando ferramentas útiles de cara ao desenvolvemento do seu traballo. Tamén comunicamos aos servizos informáticos a posibilidade de mellora das opción de intercambio de rexistros entre o SUXI e plataformas como Orcid ou coas distintas bases de datos que teñen a opción de exportación en formato Bibtex. A resposta foi favorable, van traballar no caso.

Bibliografía recomendada

Como cada ano, aproveitaremos o verán para actualizar a bibliografía recomendada, enlazando cada documento ao catálogo, algo que resulta moi cómodo e práctico para o alumnado. Neste sentido precisamos a colaboración do PDI:


- Se a vosa bibliografía cambiou algo con respecto a que tiñades colgada nas guías docentes sería bo que nolo fixerades saber para podermos realizar os cambios no catálogo (eliminar o que non tedes xa e engadir o novo). De non ser así estatará desactualizada no catálogo.

- Se hai algunha monografía que estea na bibliografía e non na Biblioteca, lembre que tedes asignada unha partida por docente para solicitar a compra este tipo de material, ate o 14 de xullo.

Novos recursos electrónicos

A Biblioteca conta neste trimestre con novos recursos que nos permiten acceder ao texto completo dos documentos:

- **Mienciclo Hipánica Universal**, enciclopedia universal realizada por un equipo de especialistas nas distintas materias. Inclúe tamén 50.000 arquivos gráficos (imaxes, videos, mapas, audios...). En español.
- **E-libro. Colección Cátedra**, con libros electrónicos académicos en español para estudantes e docentes.
- **Ciberindex**, sobre coidados da saúde no espazo científico iberoamericano. Inclúe a base de datos CUIDEN.
- **Statista**, un dos maiores portais estatísticos con datos de investigación e mercado do mundo. informes,



Datos de variada temática, entre eles de educación, universidades, alumnado, cultura, medio ambiente, deporte... Ten gráficos, imaxes... Hai unha grande cantidade de infografías con licencia creative commons e o seu código html para incrustar o gráfico.

Novo Refworks. Como xa adiantabamos no anterior boletín, Refworks está a mudar de plataforma. A migración definitiva non será ata 2018 pero sería recomendable, para quen utiliza este xestor, crear conta na nova : refworks.proquest.com (co correo institucional) para familiarizarse. É moito máis intuitiva e permite exportar todo o que está na versión anterior. Ten opcións moi interesantes. Se o desexades podedes vir pola Biblioteca e vos axudaremos.

Bases de datos de Proquest. Dende a plataforma de Proquest podedes realizar procuras cruzadas entre distintas bases de datos dun xeito máis amigable e poidendo elixir o tesouro. Os recursos aparecen agrupados por áreas temáticas. En cada unha delas inclúense bases de datos, libros electrónicos e teses. Os recursos que ten a área de Ciencias sociais son:

Ebrary® e-books

ERIC

Linguistics and Language Behavior Abstracts (LLBA)

PILOTS: Published International Literature On Traumatic Stress

ProQuest Dissertations & Theses Global: Social Sciences


Psychology Database

PsycINFO

Outras áreas: Artes, CyT, Economía e negocios, Historia, Lingua e Literatura, Saúde e medicina e Multidisciplinar.

Exposicións

"O poder dos detalles". Exposición de fotografía de **María Berini Pita da Viega**, na que a autora fai un percorrido polas imaxes que foi captando nos últimos tempos, nas que acada a máxima expresión a partires dun pequeno detalle do obxecto.



Datas: maio-xuño
Lugar: Recuncho de lectura

Continúa neste mes de abril a mostra **"Un cuarto de revelado propio"** de **Inma García-Fuentes Corredoira (Nina Corredoira)**, alumna de TFG neste centro. O tema é a invisibilización da muller na fotografía, dende os seus comezos ata a época de entreguerras. Complementábase cunha exposición bibliográfica nas vitrinas. No mês de marzo tivemos ocasión de asistir a unha completa presentación realizada pola súa autora.



Datas: marzo-abril
Lugar: Recuncho de lectura e *peceiras de creatividade*


Imaxe de Grete Stern

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



Continuamos co noso club Nébeda. Por motivos alleos a nós, tivemos que adiar o encontro literario con **María do Cebreiro** ata o vindeiro curso, anunciaremos a data proximamente.

En maio estará con nós o autor portugués **André Domingues** que chegará dende Porto para profundizar no seu libro **Dramas de compañía**.



Data: 18 maio 17 h
Lugar: Recuncho de lectura

Dende outubro teremos un novo modelo, no que incluiremos obradoiros literarios e emitiremos certificado equivalente a 1 ECTS.

Asistencia libre. A través do noso blogue podedes participar con comentarios. Paralelo ao club e o encontro está o cineclub, moderado polo profesor Juan José Bueno Aguilar. Coordina o club: Inma Doval Porto. Apoio económico do SNL, a través da CNL. Colaboración da editorial Galaxia.
nebedaclubeleitura.wordpress.com